

CCOO NON RENEGA DOS SEUS ACTOS. ¡ARGUMENTAOS!

Que pasou realmente na negociación das dúas modificacións da RPT da Consellería de Economía, Emprego e Industria (os días 5 de maio e 27 de xuño de 2018)?

Acto 1:

Na xuntanza da Comisión de Persoal, do día 15 de maio de 2018, aprobouse a modificación da RPT da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que incorporaba o “*Plan de ordenación de recursos humanos das oficinas de emprego e centros integrados de formación profesional*”, onde **CCOO VOTOU ABSTENCIÓN (non votamos a favor como din os mentireiros)**, e o fixo precisamente para **poder denunciar aqueles aspectos mais lesivos** que se modificaban, pero tamén para permitir que se incorporasen as melloras que nese Plan de ordenación de recursos humanos se recollían froito da aceptación de parte das alegacións presentadas ao longo da negociación.

¿Por qué a CIG oculta que houbo unha xuntanza da Comisión de Persoal o día 15 de maio de 2018, para atribuírse o mérito de ser o campeón das denuncias? Moi sinxelo, **porque foi CCOO quen presentou a demanda**, no ano 2018, contra o sistema de provisión por LD, de tódolos postos que ían mesa propostas de modificación da RPT da CEEI.

Fronte a demanda de CCOO, o día 3 de xullo de 2019 a sala do contencioso-administrativo sección 1ª do TSX de Galicia, **ditou a sentenza 348/2019 que estimou parcialmente a demanda, anulando o sistema de provisión por libre designación** de sete postos de Director/a da Oficina de Emprego e Coordinador/a de emprego e formación de: A Coruña-Monelos, Ferrol-Esteiro, Santiago Norte, Lugo Sur, Ourense Centro, Pontevedra-Concello y Vigo-Calvario.

¿Qué sentido ten pretender apropiarse dos actos denunciados por outros, ou maliciosamente atribuírlles un sentido do voto distinto ao que emitiron? A resposta é **o complexo de EROSTRATO**.

Acto 2:

O día 27 de xuño, de 2018, aprobouse na xuntanza da Comisión de Persoal, unha nova modificación da RPT da Consellería de Economía, Emprego e Industria, que consistía en adaptar a estrutura orgánica da Consellería (consecuencia da integración da área de emprego), e **incorporar un “Acordo sobre condicións laborais do persoal de supervisión e seguimento da Formación Profesional para o Emprego”**, que previamente habíamos negociado e asinado, e que era **de adhesión voluntaria por parte do persoal afectado**, polo que en coherencia

CCOO VOTOU a FAVOR da mesma, igual que a maioría das organizacións sindicais presentes, agás a CIG que sempre ve fantasmas donde non os hai.

Fronte a terxiversación dos feitos, a difamación gratuitamente aos demais, e de atribuírse méritos que non lle son propios recollidos a nota da CIG, **en relación coa sentenza que segundo eles bota abaixo toda a RPT da CEEI, e os acordos que a complementaban**, procede clarificar, para coñecemento dos traballadores/as en xeral, e dos da Consellería de Economía, Emprego e Industria en particular, o que realmente pasou:

- **Non é certo que esta modificación da RPT non fose negociada** en tempo e forma, pois todos temos constancia de outras modificacións que si adoececeron do tempo suficiente e da necesaria vontade negociadora.
- Tampouco podemos estar de acordo **con que sexan os responsables da Consellería de Economía, Emprego e Industria, os que se saltan todas as normas da boa fe negocial**, pois temos outros exemplos moito mais sangrantes como a Consellería de Cultura ou a de Política Social que nin xiquera se sentan a dialogar.
- Tampouco se axusta a realidade dicir que o *“Acordo sobre condicións laborais do persoal de supervisión e seguimento da Formación Profesional para o Emprego”*, non fose negociado, pois **calquera pode comprobar o primeiro documento remitido pola Consellería e o último** que se corresponde co incorporado a modificación da RPT do día 27 de xuño de 2018, onde se recollen melloras substanciais para os traballadores/as.
- Tamen é temerario poner en cuestión as melloras retributivas derivadas deste acordo, posto que **supoñen incrementos netos a favor dos traballadores/as** por cargas de traballo que antes non cobraban.

Conclusión:

- A CIG mentiu, pois **non é certo que CCOO votase a favor da modificación** da RPT da Consellería de Economía, Emprego e Industria, o día 15 de maio, que foi cando se substanciou o que eles recorreron.
- A CIG vai pedir a anulación de toda a RPT? **Tamén das cousas que supoñen melloras para os traballadores e traballadoras** da área de Emprego?.
- A sentenza da CIG e do 17 de xuño de 2020, **chega case un ano despois da que gañou CCOO, e non pode anular o que xa estaba anulado**, a mais de non ser firme. Entón de que serve dita resolución xudicial na practica para publicitala a bombo e platillo?.
- Os da CIG pretende vender exclusivas tipo *“Salvame Deluxe”*, pero finalmente resultan ser quintacolumnistas que **coa súa obsesión polo NON a todo, a maioría das veces, poñen en risco tamén os avances que se van producindo**

En definitiva, están tan encantados de coñecerse, que **lles vai pasar como ao rei desnudo**. Pero o sindicalismo **nin empezou con eles**, nin os traballadores/as galegos **están desprotexidos sen eles**.